



Código do documento	Código do expediente
USG12I00ES	USG/2018/62
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T6A 343K 0R5B 0H3C 0KPL	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE MAIO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos

ASISTENTES:

D^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Miguel Suárez García

NON ASISTEN:

D^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Marta M^a Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte minutos do día sete de maio do ano dous mil dezaioito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución do día 7 de maio de 2018) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle e D. Miguel Suárez García.

Non asisten á sesión as Sras. concelleiras D^a Marta M^a Iglesias Becerra e D^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de abril de dous mil dezaioito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 30 de abril de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Extracto da Resolución do 5 de marzo de 2018, do Ministerio de Emprego e Seguridade Social -Dirección Xeral do SEPE-, pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións aos Programas de Escolas Taller e Casas de Oficios e de Talleres de Emprego no ámbito exclusivo de xestión do citado servizo, de proxectos en colaboración con órganos da Administración Xeral do Estado. BOE núm. 107 do 03-05-2018.
- Corrección de erros da Orde HFP/888/2017, do 19 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se modifica a Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado, que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-



Código do documento	Código do expediente
USG12100ES	USG/2018/62
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T6A 343K 0R5B 0H3C 0KPL	

2020, e pola que se aproba a terceira convocatoria para a selección das citadas estratexias. BOE núm. 109 do 05-05-2018.

- Orde HFP/457/2018, do 30 de abril, do Ministerio e Facenda e Función Pública, pola que se modifica a Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada. BOE núm. 110, do 07-05-2018.
- Orde do 25 de abril do 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación o mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018 (código de procedemento MT300A). DOG núm. 86 do 04-05-2018.
- Instrución 1/2018, do 26 de abril, da Consellería do Medio Rural, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. DOG núm. 87 do 07-05-2018.
- Anuncio do 30 de abril de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación definitiva do deslinde da finca coñecida como Monte Costa, no Concello de Culleredo (A Coruña), propiedade da Deputación da Coruña. BOP núm. 83 do 03-05-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da Área de Urbanismo:

"RESOLUCIONS DO 25/04/2018

Resolución 590.- Concedendo a J.R.B., licenza municipal para a construción dunha piscina e unha edificación auxiliar aberta, nunha parcela situada na rúa Río Anllóns, parroquia de Rutis (exp. UAU/2017/284).

RESOLUCIONS DO 26/04/2018

Resolución 615.- Comunicando non ser posible expedir a certificación solicitada por M.I.M.V. (exp. UAU/2018/218).

COMUNICACIÓNS PREVIAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 02 de maio de 2018, a comunicación previa presentada por D.A.R., para a reparación de cuberta en vivenda unifamiliar, situada no Lugar de Folgueira, parroquia de Castelo, (exp. UAU/2018/67).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 03 de maio de 2018, a comunicación previa presentada por P.S.G., para a substitución de alicatados en cociña-despensa, en vivenda situada en Avda. De Galicia, Parroquia De O Burgo, (Exp. UAU/2018/64).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 03 de maio de 2018, a comunicación previa presentada por M.N.P. Para obras de illamento e renovación de fachada en vivenda unifamiliar situada en Avda. Niceto Alcalá-Zamora, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/70).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 03 de maio de 2018, a comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS OIR XORDO NÚM. 7, para obras de illamento térmico/acústico de fachada (SATE) en edificio situado en Rúa Roi Xordo, 7, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/74)."

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:



Código do documento	Código do expediente
USG12I00ES	USG/2018/62
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
3T6A 343K 0R5B 0H3C 0KPL	

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
24/04/18	584	Baixa no servizo de Xantar na casa e declarar terminado o procedemento.	C. M. L.	
24/04/18	585	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	F. S. M.	Cinco horas á semana (agás festivos).
24/04/18	586	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar. Conceder o servizo municipal de Teleasistencia Domiciliaria.	E. S. D.	Dúas horas á semana (agás festivos).

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
21/03/2018	388	Denegar axuda.	E. V.A.	DENEGAR as axudas para Abono recibo aluguer por Art. 21.1.d). "Calquera outra que non estando recollida nos apartados anteriores a instructora considere, motivándoo no seu informe". Os gastos de formación nun centro privado da súa filla no foron aclarados.	
21/03/2018	389	Denegación axuda.	E.F.S.P.	Denegar axudas para bono de abono recibo aluguer por art.21.c)"Non ter cumpridas outras obrigas derivadas de calquera programa ou prestación da Área de Benestar Social, con indicación expresa da mesma, tendo presunción de certeza o expresado polos técnicos sociais informantes no procedemento, salvo	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00ES	USG/2018/62
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
3T6A 343K 0R5B 0H3C 0KPL	

C.I.F. P-1503100-H

				proba en contrario". A solicitante non acudiu ás citas para actualizar a situación laboral e económica.	
06/04/2018	458	Declarar o desestimento.	F.A.D.S.	Declarar o desestimento das axudas solicitadas para pago de Abono recibo aluguer Declarar concluso o procedemento.	
10/04/2018	474	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago	I.Z.R.S.	Pago do recibo de auga correspondente ao período do 1º (55,46€) , 2º(54,61€) e 3º (54,61€) trimestre de 2017 e do recibo de electricidade correspondente ao período correspondente entre o mes de xaneiro e o mes de outubro de 2017 (473,04€).	
16/4/18	528	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago	A.C.S.M.	Pago do recibo de auga correspondente ao 1º trimestre (59,51€), 2º trimestre (60,22€) e 3º trimestre(61,65€) de 2017.	
16/04/20188	529	Conceder unha axuda económica.	A.R.M.	Recibo de auga, do 4º trimestre de 2017 ao 3º trimestre de 2018. Pago de recibos de electricidade de novembro de 2017 a outubro de 2018.	1.065€
16/04/2018	530	Conceder unha axuda económica.	M.L.D.L.S.	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro (350 €) de 2017, xaneiro (350 €), febreiro (350 €) e parte de marzo(15 €) de 2018.	1065€

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:



Código do documento	Código do expediente
USG12I00ES	USG/2018/62
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T6A 343K 0R5B 0H3C 0KPL	

EDUCACULLEREDO 2017/2018

ACTIVIDADE: Roteiro didáctico polos vestixios do pasado II. Igrexa e Ponte do Burgo.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 7 e 10 de maio.

Horario: 10:00 a 12:30 h.

Colexios participantes: Ría do Burgo e Díaz Pardo.

Curso: 4º EP.

Nº participantes: 75.

Lugar: Ponte do Burgo e igrexa románica.

ACTIVIDADE: Roteiro didáctico polo patrimonio natural. Río Trabe.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 11 de maio.

Horario: 10:00 a 13:00 h.

Colexios participantes: Díaz Pardo.

Curso: 2º de Educación Primaria.

Lugar: último tramo do río Trabe.

Participantes: 54.

ACTIVIDADE: Espectáculo musical: Mundo Mamemo.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 8 e 9 de maio.

Horario: 10:00 a 13:00 h.

Colexios participantes: Tarrío, Sofía Casanova, Díaz Pardo e CRA Culleredo.

Curso: 4º, 5º e 6º de Educación Infantil.

Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples.

Participantes: 507.

ACTIVIDADE: Imos ao teatro. Día das Letras Galegas: Anagnórise.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 11 de maio.

Horario: 11:00 a 12:15 h.

Colexios participantes: IES Blanco Amor, IES Rego de Trabe e IES Universidade Laboral.

Curso: 4º ESO e 1º Bacharelato.

Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples.

Participantes: 201.

OUTROS PROGRAMAS

XIX Mañás de campamento: campamentos que concilian 2018.

Fin data matrícula: o 11 de maio.

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 7 DE MAIO

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 18.00 h:

Recital de piano, pola alumna Cristina Bernal. Entrada libre.

XOVES 10 DE MAIO

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 16.45 h:

Concerto didáctico de piano, a cargo de alumnos/as da profesora Susana Polo. Entrada libre.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00ES	USG/2018/62
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T6A 343K 0R5B 0H3C 0KPL	

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 18.00 h:
CULLENCONTROS EN 44:05: Charla. Orquestra barroca do Conservatorio Superior de Vigo.

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:
CULLEREDO SOA EN 44:05: Orquestra barroca do Conservatorio Superior de Vigo. Entrada libre.

VENRES 11 DE MAIO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:
Concerto de Xoán Eiriz: *Verbas no vento*.

DOMINGO 13 DE MAIO

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 12.00 h:
CULLEREDO SOA OS DOMINGOS:
Adelina e o piano durmido, pola Asoc. Pianeiros. Entrada libre."

2.2.4.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito do Sr. alcalde do día 04-05-2018 no que dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións dictadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

- Resolución núm. 537 de data do 16/04/2018, pola que se corrixe o erro detectado na certificación núm. 2 da obra "Alumbrado público en R/. Río Mandeo y R/. Montespiño, A Zapateira".
- Resolución núm. 578 de data do 24/04/2018, pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 118, á D.ª A. S. V.
- Resolución núm. 616 de data do 26/04/2018, pola que se denega a licenza municipal para pasaxe permanente para o garaxe situado na R/. Andrés Gaos, núm. 2, por carecer da preceptiva licenza municipal da apertura do garaxe.
- Resolución núm. 628 de data do 30/04/2018, pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de "Rehabilitación do pavimento na R/. Pérez de Traba (VP-93)", cun presuposto de 39.973,74 €."

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde en funcións
(Asinado dixitalmente)

PILAR MARÍA PASTOR NOVO
Secretaria Xeral
10/05/2018 13:50



DIEGO ANTONIO
TAIBO MONELOS
Presidente en
funcións
11/05/2018 09:39

